



ACTA Nº 2020/8
SESIÓN PLENARIA VENRES 13 DE NOVEMBRO DE 2020

ACTA Nº 2020/8

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
VENRES 13 DE NOVEMBRO DE 2020 -



ACTA Nº 2020/8

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ.

ASISTEN:

BNG

ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO.
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL.
JESÚS GÓMEZ GARCÍA.
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS.

AUSENCIAS:

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA.

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O VENRES 13 DE NOVEMBRO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ó estudo da orde do día, adaptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación Conta Xeral 2019.
- 2.- Aprobación definitiva Orzamento 2020.
- 3.- Aprobación definitiva PEF 2020/2021.

1.- Aprobación Conta Xeral 2019.

APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2019.

EXPTE. TEDEC: 2020/X999/000112 (Conta Xeral).

EXPTE. TEDED: 2020/G010/000008 (Pleno).



Visto o réxime xurídico previsto nos artigos 208 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referente á conta xeral das entidades locais.

Visto que a documentación obrante no expediente administrativo de referencia se corresponde cos requisitos establecidos no artigo 209 do referido RDLex 2/2004.

Visto que a Conta Xeral da entidade será formada pola Intervención municipal e someterase á Comisión Especial de Contas constituída por membros das diferentes agrupacións políticas con representación plenaria.

Visto que dita Comisión Especial de Contas emitiu informe referente á Conta Xeral do exercicio inmediatamente anterior.

Visto que dito informe foi exposto ó público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que a Conta Xeral da entidade, xunto co informe da Comisión Especial de Contas e, si se presentasen, as reclamacións e reparos formulados tra-lo periodo de exposición pública serán sometidos ó Pleno da Corporación, para que, no eu caso, poida ser aprobada e, posteriormente sexan rendidas as contas ó Tribunal de Cuentas.

Visto que non se teñen presentado reclamacións e reparos durante o periodo de exposición pública.

En virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 208 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Pleno, por unanimidade, acorda o seguinte:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2019, que quedou cumpridamente xustificada.

Segundo. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

2.- Aprobación definitiva Orzamento 2020.

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2020 TRA-LA SÚA APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN PÚBLICA.

EXPTE. TEDEC: 2020/T004/000001 (Orzamento).

EXPTE. TEDED: 2020/G010/000008 (Com. Esp. Contas).

Visto o réxime xurídico previsto nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referente á conta xeral das entidades locais.



Visto que a documentación obrante no expediente administrativo de referencia se corresponde cos requisitos establecidos no artigo 164 do referido RDLex 2/2004.

Visto o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2020, así como, as súas Bases de Execución, a proposta de Investimentos e a relación de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vista a aprobación inicial do referido orzamento en sesión extraordinario do Pleno desta entidade celebrada o 29 de setembro de 2020 e cuxo anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 166, de 5 de outubro de 2020.

Vista a alegación á referida aprobación inicial do orzamento xeral do concello de Vilasantar para o ano 2020, presentada no rexistro xeral desta entidade con nº de rexistro 20200000000945, de data 26 de outubro de 2020, por parte de dona María Lourdes García Sánchez, con DNI 46904821R, en calidade de representante sindical dos traballadores deste Concello.

Visto o informe de Intervención no que se conclue a procedencia de rexeitar tódalas alegacións agás a referente á incorporación da previsión dun novo trienio para a traballadora Isabel Novo López, á que lle corresponde un novo trienio a partires de febreiro do ano en curso.

Visto que o recoñecemento deste trienio comporta un maior gasto do inicialmente orzamentado de 371,67€, aumentando a partida 920.12006 (Administración Xeral. Trienios) do orzamento de gastos.

Visto que é posible a minoración polo importe de 371,67€ na partida 920.22699 (Administración Xeral. Outros gastos diversos) do orzamento de gastos sen que se omita crédito preciso para o cumprimento de obrgas esixibles á entidade local.

Visto que en consecuencia procede modificar puntualmente a plantilla de personal, engadindo un novo trienio (nivel C1), á traballadora dona Isabel Novo López e prevendo a súa vindeira actualización.

Visto que constan os informes do Interventor municipal e o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Débeda, do que se desprende que a situación é de superávit e máis o cumprimento do déficit. Non se analiza a regra do gasto, por non pedilo así a normativa vixente, se ben o interventor fai constar que a mesma será esixida con motivo da liquidación do presente orzamento, e en cumprimento da necesidade da aprobación, execución e avaliación do Plan Económico Financeiro a aprobar na seguinte sesión do Pleno desta entidade.

Visto que a Comisión Especial de Contas examinou a documentación obrante no expediente de referencia e emitiu as consideracións oportunas en sesión extraordinaria celebrada o luns 9 de novembro de 2020, aprobando dictame favorable á aprobación definitiva do orzamento coa modificación relativa á inclusión dun novo



trienio en base á alegación presentada con número de rexistro de entrada 20200000000945, de data 26 de outubro de 2020.

Visto que o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, resume as liñas mestras do orzamento para o ano 2020 e comenta os motivos e fundamentos da aceptación parcial da alegación presentada no trámite de exposición pública.

Visto que o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, ten a ben facer os seguintes comentarios en relación á alegación presentada pola representante sindical:

“Non nós parece moi acaída a redacción no apartado no que se reclama unha paga de produtividade xa que figuran algún exemplo que entendo que entra no traballo normal do concello “paso polo concello de veciños e outros propietarios que nin sequera eran habitantes do concello” se veñen solicitar unha exención de impostos é algo que ten que tramitar o concello ou a comparación que fan cos funcionarios “ independentemente se se atende os veciños no momento ou se ten que esperar” e só se nomea ao persoal laboral da oficina e do mantemento da auga e non se ten en conta o resto dos traballadores e traballadoras que tamén realizan traballos extraordinarios e en casos urxentes nalgúns supostos traballan os sábados.

Falase do escrito que a representante sindical presentou ao concello e da súa contestación pola Xunta de Goberno o que pon sobre a mesa diferentes incumprimentos do grupo de goberno cos traballadores e traballadoras pero está claro que é unha opinión subxectiva.

Tamén se sinala a importante colaboración da Deputación citando os 95.586,97 euros para gasto corrente o que temos que engadir as axudas concedidas directamente para persoal laboral

<i>Programa de financiamento dos Servizos Sociais</i>	
<i>Comunitarios Municipais no ano 2020</i>	<i>73.216,00</i>
<i>Mantemento do persoal técnico en xestión cultural</i>	<i>14.700,00</i>
<i>Programa de integración laboral</i>	<i>19.000,00</i>
<i>Técnico deportivo</i>	<i>10.000,00</i>
<i>Socorrista</i>	<i>4.500,00</i>
<i>Total</i>	<i>121.416,00</i>

De todas forma hai un erro porque non todo o gasto corrente pode ser para persoal e nin todo o persoal pode ser subvencionado mediante o gasto corrente do POS.

Remata facendo unha táboa dos traballadores co importe dos trienios que cobrarían que entendemos que non procede xa que antes ten que estar feita a relación de postos de traballo que non teñen que corresponder coas categorías que se citan e cos importes que se sinalan.

Sen entrar nas alegacións mantemos o que dixemos no anterior pleno polo que nos parece moi razoable o fondo das peticións.



- *Creemos que o orzamento é unha previsión de ingresos e gastos polo que creemos que se debería abrir unha partida para que se mediante unha negociación se chegue a un acordo cos trienios. Temos que ter en conta que este orzamento prorrogado vai estar vixente no ano 2021.*

Tampouco ten que ser polo importe aproximado dos 20.000 euros, entendemos que este ten que ser froito da negociación colectiva e non se teñen porque aceptar os grupos que propón a parte sindical nin tampouco as cantidades asinadas a pagar os trienios de cada grupo. Isto ten que ser froito da negociación e nada impide que se propoña un reparto lineal co mesmo importe para todo o persoal laboral. Non pode haber unhas diferenzas entre 14,65 e 37,78 euros por trienio.

- *Como xa indicamos no pleno da aprobación inicial dos orzamentos non nós parece razoable que só tres persoas teñan dereito a produtividade polo que consideramos razoable eliminar ese complemento ou incluír unha partida de produtividade para todos e que non haxa agravios comparativos cos funcionarios.*

Por último no BNG creemos que o importante é que se elabore a relación de postos de traballo e se asine un convenio do persoal laboral, recordamos que está xa foi un compromiso que vén da Alcaldía no orzamento do ano 2019."

Visto que o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, asume como propias as opinións transcritas, incidindo na vontade de seguir traballando e resolver os expedientes relativos á Relación de Postos de Traballo e Convenio Colectivo o antes posible.

En virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Pleno acorda, con 5 votos a favor e as 2 abstencións dos concelleiros do BNG, o seguinte:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2020 xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe total de 2.277.927,36 euros no orzamento de ingresos e 2.277.927,36 euros no orzamento de gastos.

Segundo. Aprobar definitivamente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Terceiro. Insertar no Boletín Oficial da Provincia o orzamento resumido por capítulos así como a plantilla de persoal.

Cuarto. Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

Quinto. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.



3.- Aprobación definitiva PEF 2020/2021.

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ECONOMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE ÓS EXERCICIOS 2020 E 2021.

EXPTE. TEDEC: 2020/X999/000113 (PEF).

EXPTE. TEDEC: 2020/G010/000008 (Pleno).

Visto o informe do Interventor e a proposta de Plan Económico -financeiro de data 25 de setembro de 2020, para os anos 2020 e 2021.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no art. 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno Municipal.

Visto que o referido Plan Económico Financeiro foi aprobado en sesión extraordinaria do Pleno desta entidade celebrado o martes 29 de setembro de 2020 e que posteriormente foi exposto ó público no Boletín Oficial da Provincia nº 166, de 5 de outubro de 2020.

Visto que non se ten constancia da presentación de ningún tipo de reclamación ou alegación ó referido Plan Económico Financeiro.

En virtude do disposto nos artigos 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Disposición Adicional décimo sexta da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local; e nos artigos 98 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan económico -financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

Segundo. Insertar o referido Plan Económico Financeiro no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

Cuarto. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Ás 13:30 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, martes 24 de novembro de 2020

O secretario, Ricardo Garrido Caneda

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.